



Anatomía de “tanta visibilidade” das mulleres na literatura

Anatomy of women's “so much visibility” in literature

Helena GONZÁLEZ FERNÁNDEZ

Universitat de Barcelona
helenagonzalez@ub.edu

RESUMO

Na actualidade a visibilidade das escritoras na literatura galega é asemade un logro do programa feminista e unha ruptura das regras literarias. As mulleres en canto que escritoras non acadaron aínda un estatuto de normalidade no sistema literario aínda que as súas propostas sexan máis innovadoras e recoñecidas que nunca, por iso neste artigo se analizan algúns dos síntomas de misoxinia existentes na interpretación patriarcal desta visibilidade.

PALABRAS CHAVE: literatura galega, crítica literaria feminista, misoxinia, xénero e ficción.

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, H. (2006): “Anatomía de ‘tanta visibilidade’ das mulleres na literatura”, *Madrygal (Madr.)* 9: 69-72.

RESUMEN

En la actualidad la visibilidad de las escritoras en la literatura gallega es un logro del programa feminista y, al mismo tiempo, una ruptura de las reglas literarias. Las mujeres en cuanto que escritoras no han conseguido todavía un estatuto de normalidad en el sistema literario aunque sus propuestas sean más innovadoras y reconocidas que nunca, por eso en este artículo se analizarán algunos de los síntomas de misoginia existentes en la interpretación patriarcal de esta visibilidad.

PALABRAS CLAVE: Literatura gallega, crítica literaria feminista, misoginia, género y ficción.

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, H (2006): “Anatomía de ‘tanta visibilidad’ de las mujeres en la literatura”, *Madrygal (Madr.)* 9: 69-72.

ABSTRACT

Nowadays visibility of women writers in Galician literature is a milestone of the feminist program and, at the same time, a disruption of literary rules. Woman as a writer has not yet achieved a normal position in the literary system although their proposals are so much innovative and recognised than ever. That's the reason why in this article it will be analysed some of the current misogyny symptoms that can be find in the patriarchal interpretation of this visibility.

KEY WORDS: Galician literature, feminist literary criticism, misogyny, gender and fiction.

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, H (2006): “Anatomy of women's ‘so much visibility’ in literature”, *Madrygal (Madr.)* 9: 69-72.

SUMARIO: 1. Ver na escuridade. 2. Inventario de apariencias. 3. Referencias bibliográficas.

1. VER NA ESCURIDADE

Desde hai tempo sucumbín ás linguaxes enrestradas e, cando leo, a materia verbal e a materia visual non se disocian. Descubrín que en moitas casos as asociacións inconexas e fóra do método crítico suxiren *outras* lecturas dos textos, e que estas resultan tan eficaces ou máis cós protocolos dos comentarios ou a metodoloxía da crítica literaria. Por iso parto das foto-radiografías de Benedetta Bonichi para guiar este texto. As imaxes forman parte do proxecto titulado *To see in the dark* (<http://www.toseeinthedark.it>) que a artista italiana vén desenvolvendo nos últimos cinco anos. Nesta serie hai moitas anatomías femininas, unhas cantas parellas, un bestiario que suxire monstros aviarios, algunha homenaxe a Bacon e mais dúas eficaces representacións das subxectividades non pautadas. A partir destas imaxes de Benedetta Bonichi, ensaio aquí unha narración que nos leva do visual ao verbal para reparar cun certo vagar na anatomía de *tanta visibilidade* das mulleres en literatura hoxe.

Tanta visibilidade é a afirmación da aparencia: en boca dos discursos feministas e outros discursos afíns, emprégase adoito como a constatación dun logro, como a consecución dun punto importante da axenda feminista; mais en boca de quen coidan que as mulleres xa acadaron todo e máis, *tanta visibilidade* é a fórmula eufemística do politicamente correcto para dicir “xa basta”, enunciando aparentemente en positivo unha negación. Interésanme as estratexias da misoxinia actual por iso vou citar aquí algúns dos síntomas que deben activar as nosas alertas sobre a cuestión da visibilidade das mulleres na literatura galega e o seu contorno.

Volvamos á narración visual que suxire a obra de Benedetta Bonichi. Nunha lectura convencional podería parecer que alí se resume a grandes trazos o progreso do suxeito feminino, desde a súa prehistoria (submisión, idealización, domesticación, obxectalización) deica un presente no que o novo suxeito intervén desde si mesmo e en si mesmo (o cambio de discurso, a emerxencia dun suxeito inédito, a hibridación de anatomías da subxectividade). Mais coido que en moitos sentidos aínda retrata o presente coas súas moitas caras e os seus moitos veos. Releamos isto desde a literatura, que é o que interesa. Arestora podería parecer que a mirada misóxina está superada, porque a intervención activa das mulleres semella

imparable e goza do praxe de editores, críticos... Xa hai moitas máis mulleres que escriben, que son publicadas, premiadas, e mesmo lidas desde sensibilidades feministas ou, polo menos, desde posicións permisivas con esas propostas *outras*. Pois ben, esa mesma sensación de que “xa hai moitas mulleres que” atopámola a finais do século XIX cadrando co acceso das mulleres á vida intelectual, e sobre todo, coa popularización do sufraxismo. Como reacción contra esa emerxencia do suxeito feminino, algúns creadores dedicaron moitos esforzos a conter “tanta visibilidade” que desmontaba o modelo social misóxino e burgués. E fixérono acudindo á didáctica e a dialéctica do binomio: no polo positivo, as mulleres boas boísimas e incorpóreas, a *femme-fleur* ou o anxo do fogar, que onda nós se ampliou á viúva de vivo ou morto; no polo negativo a *femme fatale* e unha pléiade de mulleres inadaptadas e corpóreas, e por iso monstruosas. Por suposto, as escritoras non tiñan moi boa prensa, abonda con repasar unha recente antoloxía da misoxinia (Caballé, 2006), engadíndolle os exemplos galegos, que se botan en falta. Desde aquela fin de século á actualidade houbo cambios tan importantes como o feito de que arestora no discurso do politicamente correcto xa non se pode falar do perniciosas que son as mulleres non domesticadas e quedarse tan feliz —algo gañamos—, pero existen outras estratexias que mediatizan e coutan ese suxeito feminino aparentemente libre. As parvas parvísimas e as malas malísimas do XIX substituíronse por un abano de mulleres aparentemente libres; coido que máis ben habería que dicir, mulleres visibles, e por iso, rechamantes. Pasemos dos modelos da ficción á consideración que teñen arestora as escritoras. A cousa mellorou moito, pero convén un sentido crítico. A priori calquera muller pode escribir o que queira, pero o asunto é moito máis complexo e non se pode caer no xogo de aparencias, non se pode confundir liberdade con visibilidade.

2. INVENTARIO DE APARIENCIAS

A seguir fago un breve inventario de aparencias, é dicir, repasaremos a anatomía de seica “tanta visibilidade das mulleres na literatura galega actual”.

Estamos en momentos de *tanta visibilidade* porque no noso calendario anual xa asumimos que o mes de marzo é o mes violeta, o das litur-

xias relacionadas coas mulleres, da mesma maneira que maio é o da letras galegas (xa case esquecemos que era o mes de “con flores a María”), setembro o da volta ao cole, decembro o da constitución e montar o belén e xaneiro o das rebaixas. O perigo destas celebracións, necesarias, radica na súa tendencia a nivelar e frivolar as posicións máis comprometidas.

Seica *tanta visibilidade* porque en literatura o salpicón feminino é a tapa de moda, e por riba a etiqueta violeta converteuse nun eficaz argumento de vendas. E digo salpicón feminino, porque cando falamos de *literatura de mulleres*, ou *literatura de autoría feminina*, ou *literatura feminina*, ou *literatura feminista*, conceptos que non son en absoluto o mesmo, a miúdo se pensa nunha especie de ensalada rusa chea de mulleres por todas partes, como se o mesmo fose ser obxecto ca suxeito, como se o mesmo fose actuar segundo as pautas da domesticación ou saírse delas. Na mirada misóxina todas as presenzas femininas resultan equivalentes. O mesmo lle é unha biografía sobre unha muller, calquera que sexa, ca unha obra literaria escrita por unha muller, calquera que sexa.

Seica *tanta visibilidade* porque mesmo un premio tan pouco imprevisible como o Premio Planeta dispuxo que por fin as escritoras, mellor dito, certas escritoras, estaban capacitadas para seren as gañadoras da súa gran campaña de márketing, iso si, previo paso por unha etapa de escritoras-accésit, é dicir, de escritoras confinadas no papel de consorte á forza do señor literato premiado. Este é un exemplo extremo de domesticación das escritoras sen parangón no sistema literario galego; nin sequera no premio máis virado cara ao mercado literario, o Xerais, se chega a estes extremos, se cadra porque en galego non se pode falar con propiedade da existencia dun mercado.

Seica *tanta visibilidade* porque hai algunhas escritoras que acadaron os principais premios da literatura galega, como o Premio Caixanova de Poesía, o Premio Xerais de Novela ou o Premio Ramón Piñeiro de Ensaio, e hai quen coida que o obxectivo está cumprido e, ao seu ver, cada muller que gaña un premio, participa en xurados, ocupa unha tribuna pública ou participa das institucións literarias, fai por sete. Isto leva a afirmacións afiadadas como o coitelo da matanza: dáse por feito que as mulleres xa son recoñecidas (xa que logo, fin das contas pendentes), malia que os números da paridade non saen nin con moitos esforzos. Se se permite un xogo cos refráns, o ollo do amo engor-

da... as poldras bravas. Naturalmente esta constitúe unha mostra da misoxinia máis vergonzante pero aínda vixente na crítica literaria.

En resumo, seica *tanta visibilidade* porque nos últimos vinte anos, na literatura galega pasamos de contar o número de escritoras cos dedos dunha man a ter unha chea delas, sobre todo poetas, que abordan a literatura desde posicións ideolóxicas e estéticas diversas. Esta é outra cuestión moi interesante. Desde a mirada relaxada, e por suposto, desde a mirada misóxina, hai unha tendencia a confundir as positivas estratexias de visibilización das escritoras e as súas obras coa existencia dun grupo literario violeta homoxéneo no estético, imaxinando unha fronte compacta, como se todas as escritoras galegas unidas avanzasen para derrubar as barricadas do patriarcado. Non se enganaran no obxectivo, pero non son para nada homoxéneas. Un exemplo. Nos últimos quince anos elas foron as que aportaron poéticas máis innovadoras e ocuparon o centro da atención da crítica. Isto, sumado á ansiada aparición de narradoras, callou nunha moda literaria violeta. Efectivamente, algunhas destas escritoras, e moitas ben novas, ofreceron aportacións moi innovadoras, pero non polo feito de seren mulleres (non é preciso lembrar, que, como en todas partes, hai escritoras extraordinarias, escritoras correctas, escritoras innovadoras, escritoras resesas, escritoras clónicas e escritoras de xulgado de garda), senón porque quixeron escribir coas ferramentas da alteridade. Escribir desde outras experiencias, desde a reivindicación doutros modos, modelos e formas, permitiulles construír unha linguaxe nova e hoxe recoñecible. Nova e recoñecible coma as identidades híbridas de Benedetta Bonichi, da ¿muller?-polbo (*La collana di perle*, 2002) e da serea- por-fin-muller convertida nun corpo híbrido humano-animal que papa tranquilamente un peixe pero xa non é monstruosa (*La sirena*, 2001). Insisto, unha linguaxe nova e novas subxectividades.

Con todo, a actual visibilidade das escritoras na literatura galega, coido eu, segue a ser moito maior ca nas literaturas que nos rodean. Coñecemos algunhas das razóns. Porén, a visibilidade non se corresponde, nin de lonxe, coa paridade, aínda que teño para min que é un camiño sen volta atrás. Con todo, e como aconteceu a finais do XIX, o pensamento dominante na literatura galega emprega estratexias para o sometemento de *tanta literata*, acudindo, por exemplo, á

Helena González Fernández

Anatomía de “tanta visibilidade” das mulleres na literatura

estratexia do paraugas totalizador, pospoñendo a causa das mulleres como secundaria. Ademais, a algunhas escritoras idealízaas, convérteas en musas nacionais, en escritoras riquiñas ou en escritoras intocables. Outras obxectálízaas e convérteas en produtos da industria editorial, especialmente se cultivan a dobre escrita (o texto literario e a imaxe autorial). Outras doméstícaas deglutíndoas, incorporándoas á engranaxe que seguen mantendo e controlando. Cómpre evidenciar as estratexias da nova misoxinia sen caer na tentación dos discursos extremos, porque aquí non valen apocalípticas contra integradas; a realidade é moito máis complexa. (González Fernández, 2005: 83-98).

Parece inevitable que os vindeiros anos haberá unha eclosión de escritoras, moitas e diferentes entre si no estilo e na ideoloxía. E, ao meu ver, aquí está un dos retos que van ter que asumir: conseguir romper mesmo cos uniformes de xénero e propoñer subxectividades híbridas, fóra dos moldes. Esta escrita rupturista á forza vai ter que convivir con escritas populares, clónicas ou decididamente resesas, porque esa é a peaxe da *normalidade*, da *normal* incorporación das mulleres á literatura. E normalidade é ademais, na mirada de quen lemos, ir tendo claríño que xa agora cando falamos das escritoras non falamos dun uniforme de estilo. Diante dos feminismos pasa como cos nacionalismos, hai moitas maneiras de situarse nesta posición.

3. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- BONICHI, Benedetta (1997-2005): *To see in the dark* [páxina da autora] Consulta: 04/03/2006. <<http://www.toseein-thedark.it>>.
- CABALLÉ, Anna (2006): *Una breve historia de la misoginia. Antología y crítica*. Barcelona: Lumen.
- GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Helena (2005): *Elas e o paraugas totalizador. Escritoras, xénero e nación*. Vigo: Xerais.